

ACTA DE REVISIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE XARDÍN DE INFANCIA, PERTENCENTE AO CADRO DE persoal FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OEP 2015).

Sendo ás 9 horas da mañá do día 27 de febreiro de 2.019, na oficina de Secretaria Municipal, sita da Casa consistorial do Concello de Lugo, reúñese o Tribunal cualificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema oposición para a provisión dunha praza en propiedade de Técnico/a de Xardin de Infancia, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2015), coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

Presidente: Don Francisco Fernández Eiros, Funcionario de Carreira A2 do Concello de Lugo.

Vogais: Dona Marta Jesús Otero López, Funcionaria de carreira C1 do Concello de Lugo.

Dona M^a. Treitas López, Funcionaria de carreira C1 do Concello de Lugo.

Dona M^a. Lidia Platas Ferreiro, Funcionaria de carreira C1 do Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario xeral do Pleno).

O Tribunal por unanimidade acorda:

Primero.- Desestimar integralmente as alegacións/reclamacións formuladas por dona María Belén Porto Vilela, a través do escrito presentado con data do 20 de febreiro de 2019, por canto as argumentacións invocadas sobre a caducidade da oferta de emprego de 2015 e a suspensión da execución do acto administrativo impugnado pola interesada, xa foron resoltas expresamente en virtude do Decreto número 19001414, ditado polo Tenente de Alcalde-Delegado da área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo, o día 20 de febreiro de 2019, polo que este Tribunal acepta e se ratifica íntegramente no contido da referida resolución ditada.

Segundo.- Desestimar integralmente as alegacións/reclamación formuladas por dona Ana María Varela Núñez, a través do escrito presentado con data do 20 de febreiro de 2019, con base as seguintes consideracións realizadas polos miembros deste Tribunal:

Actas e Goberno

JDR

Refº: Acta revisión primeiro exercicio praza de Técnico de Xardín de Infancia (OPE 2015)

Asunto: Acta revisón 1º exercicio.

- As preguntas 7 e 9 considéranse correctas tanto no referente ao enunciado como á resposta correcta, dado que a pregunta 7 fai referencia á lateralidade cruzada, non a dominancia lateral; e a pregunta 9 fai mención exclusivamente á capacidade de percepción.

Tercero.- Rectificar o erro detetado por este Tribunal na resposta da pregunta 36 do examen, sendo a correcta a resposta a) en lugar da resposta b) que figuraba erroneamente na plantilla do referido proceso selectivo; procedendo en consecuencia a rectificación das puntuacións acadadas polos aspirantes o referido proceso selectivo, obtendo a cualificación de APTOS/AS os aspirantes que a continuación se relacionan, coa seguinte puntuación.

- Dona Rocío Cabanas Escolante: 5,34 puntos.
- Cristina Sánchez Pérez: 5 puntos.

Cuarto.- O Tribunal acorda a publicación da presente acta na WEB e no Taboleiro Anuncios do Concello de Lugo, para xeral coñecemento dos aspirantes do referido proceso selectivo; e convocar para o próximo día 11 de marzo de 2019, as 10 horas, ás opsitoras dona Rocío Cabanas Escolante e dona Cristina Sánchez Pérez, para a realización do segundo exercicio teórico que terá lugar no Salón de Actos do Edificio Administrativo Uxio Novoneyra do Concello de Lugo, sito na Rúa Quiroga Ballesteros nº: 1-A de Lugo.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levantase a presente Acta ás 9,30 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifica.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: Francisco Fernández Eiros.

Vogal.

Asdo.: Marta Jesús Otero López.

Vogal.

Asdo.: Mª. Treitas López.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Mª. Lidia Platas Ferreiro.